

**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA**

Casa Martelo. R/ Franxa, 14

15001 A Coruña

Tlf.: 981 080 111.

email: conservatorio.danza@dacoruna.gal

## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### CURSO 2019/2020

#### Criterios de avaliación: MÚSICA

#### 1º GRAO ELEMENTAL

Contidos mínimos da primeira e segunda avaliación, unidades 1, 2, 3 e 4 do libro de música: Música 2 da editorial Anaya (Primaria, primeiro ciclo)

- Percusión corporal: negras, corcheas e silencio da negra.
- Intensidade do son: forte-suave.
- Pictogramas: negras, corcheas e silencio de negra.
- Recoñecemento de instrumentos musicais escolares.
- Partitura para voz.
- Partitura para percusión coporal.
- Duración do son: largo-curto.
- Altura do son: grave-agudo.
- Grafías para agudo e grave
- Cancións
- Danzas
- Audicións

Na avaliación final do alumnado, valorarase a corrección na realización das actividades que desenvolven cada un dos contidos expostos, realizadas nas clases da asignatura no primeiro e o segundo trimestre. Así como a asistencia ás clases con regularidade no mesmo período.

## 2º GRAO ELEMENTAL

O alumnado debe realizar as actividades que desenvolven os contidos mínimos de cada avaliación das seguintes unidades do libro de música "Aprender é crecer" de Editorial Anaya (Primaria segundo ciclo, música 3):

1ª avaliación - unidades 1 e 2

2ª avaliación - unidades 3 e 4

- Lectura e interpretación con metalófono de partituras sinxelas.
- Uso dos silencios de negra e corchea.
- Dictados rítmicos sinxelos de 2-4 compases.
- Cantar cancións ofrecidas na Unidade.
- Xogos musicais da Unidade e cantaxogos. Expresión corporal, expresión persoal e participación en grupos creativos.
- Ostinatos rítmicos empregando instrumentos de pequena percusión.

Os criterios de avaliación baséanse no material entregado no 1º e 2º trimestre e avaliando ao alumnado segundo o seu esforzo durante ese período.

### 3º GRAO ELEMENTAL

- O pulso
- As figuras musicais e a formación de sílabas rítmicas
- Identificación do lugar das notas no pentagrama
- Ditados rítmicos
- Ditados melódicos
- Notas a contratempo
- Lectura dunha partitura coreográfica
- Formas musicais: “bipartita”, “rondó” e quodlibet”
- Clasificación das voces
- Clasificación dos instrumentos de percusión: idófonos e membranófonos
- Instrumentos de vento: madeira e metal

Realizar con corrección as actividades feitas en clase para a consecución dos obxectivos propostos e que desenvolven os contidos do curso a través de:

- A voz
- Os instrumentos
- O corpo
- O oído
- A linguaxe musical

Mostrar unha actitude de interese cara á música adecuada, responsabilizándose do cumprimento das tarefas de clase, respectando á profesora e ao resto dos compañeiros, e coidando o material propio e do centro.

Asistir a clase con regularidade para poder progresar adecuadamente.

## 4º GRAO ELEMENTAL

- Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para percibir os aspectos ( rítmicos, melódicos, formais, tímbricos, etc) que constitúen a obra musical, aplicando a terminoloxía apropiada e correspondente ao curso para referirse a estes.
- Improvisar secuencias rítmicas e melódicas a partir dunha proposta previa adecuada ao nivel. Con este criterio avalíase, por unha banda, a interiorización do fraseo polo alumnado e, pola outra, preténdese estimular a súa capacidade creativa.
- Interpretar de xeito individual coa voz, con instrumentos, con percusión corporal ou co movemento fragmentos de obras coas que se traballará na aula. Trátase de comprobar no alumnado o grao de aproveitamento das actividades realizadas na aula, estimulando a súa responsabilidade polo traballo ben feito.
- Reproducir por escrito fragmentos rítmicos sinxelos. Mediante este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado de recoñecer os aspectos rítmicos e a asimilación da grafía musical correspondentes ao curso.
- Recoñecer o pulso, o acento e os demais elementos da linguaxe musical correspondentes ao curso tanto nunha audición como nunha interpretación. Con este criterio trátase de constatar a percepción destes contidos como referencia básica para a execución rítmica e para a correcta percepción do acento periódico e os compases binarios, ternarios e cuaternarios.
- Coñecer e apreciar aos principais compositores de música para ballet do repertorio clásico. Neste curso traballamos a figura de Tchaikovski e o seu ballet “O quebranoces” Mediante este criterio de avaliación preténdese ampliar a cultura musical dancística do alumnado a través do coñecemento da obra musical dos compositores dalgúns dos ballets máis importantes do repertorio clásico.

## 1º GRAO PROFESIONAL

- Coñece os elementos básicos da linguaxe musical e os parámetros do son.
- Lé e escribe patróns rítmicos e melódicos sinxelos.
- Recoñece e interpreta a grafía musical básica dos parámetros do son.
- Incorpora a linguaxe musical básico para a improvisación, creación e interpretación de pezas con voz e instrumentos.
- Coñece e desenvolve unha técnica básica instrumental e vocal para a súa aplicación a improvisación e interpretación .
- Encadra e relaciona distintas obras musicais dentro dun uso social, a partir das súas características peculiares.
- Recoñece os trazos máis relevantes en distintas obras musicais e describe a súa expresividade desde unha valoración propia.
- Relaciona a música con outras manifestacións artísticas. Especialmente coa danza e o movemento.
- Reproduce nun teclado-metalófono patrones rítmico-melódicos sinxelos.
- Utiliza distintas fontes de información musical para describir, coñecer e apreciar as manifestacions musicais e os seus elementos.
- Aplica un vocabulario musical básico para a descripción e análise de procedimentos e procesos musicais, así como para a exposición de ideas.
- Recoñece o son de instrumentos, voces e conformaciones grupales a través de audiciones.
- Analiza e expón as súas valoracións de audiciones musicais, utilizando criterios baseados no coñecemento musical.
- Participa en interpretacións de composicións vocais e instrumentais en grupo, respetando as normas establecidas.
- Participa coa axuda das TIC en diversas actividades relacionadas coa técnica auditiva en relación á métrica musical, ao ritmo, os intervalos, e a súa relación co movemento.

## 2º GRAO PROFESIONAL

- Utilizar a terminoloxía musical adecuada para comunicar aos demais xuízos persoais relacionados coas obras musicais escoitadas. Este criterio avalía a capacidade de utilizar unha linguaxe musical adecuada á hora de axuizar a música, xa que saber “falar de música” implica a asimilación dos conceptos e principios musicais básicos.
- Intervir en actividades de canto colectivo adaptando a súa expresión e entoación ao nivel sonoro do conxunto. Este criterio pretende avaliar se o alumnado ten unha intervención activa nas situacións de canto colectivo, así como a actitude coa que se achega ás actividades de canto, observando a vontade de adaptar a expresión e entoación vocal ao nivel sonoro do grupo.
- Ler música no contexto das actividades musicais do grupo como apoio ás tarefas de interpretación e audición. Este criterio avalía a utilización funcional da lectura musical. Non se trata de avaliar desde un punto de vista do solfexo, senón de observar a destreza con que o alumnado desenvólvese na lectura, unha vez creada a necesidade de apoiarse na partitura para progresaren as actividades musicais do grupo.
- Participar nas actividades de interpretación en grupo asumindo o intercambio dos papeis que se deriven das necesidades musicais. Este criterio avalía a mobilidade do alumnado en asumir calquera dos papeis que demanda unha situación musical. Actuar indistintamente desde calquera instrumento, desde o canto, como director, como solista, etc., supoñerá a superación dos comportamentos estereotipados que se dan con frecuencia na interpretación en grupo.
- Establecer algunhas pautas para a improvisación que pretendan expresar musicalmente ideas extraídas da análise doutras áreas artísticas. O fin deste criterio é comprobar se o alumnado é capaz de trasladar musicalmente as ideas expresadas noutras áreas artísticas. Isto implica a análise da estrutura que as soporta, para despois establecer os convencionalismos musicais pertinentes que permitan operar con eles.
- Coñecer e apreciar aos principais compositores de música para ballet do repertorio clásico. Neste curso traballamos as figuras de Ludwig Minkus e Adolphe Adam e os seus ballets “Don Quixote e “O corsario”. Mediante este criterio de avaliación preténdese ampliar a cultura musical dancística do alumnado a través do coñecemento da obra musical dos compositores dalgúns dos ballets máis importantes do repertorio clásico.
- Recoñecer a procedencia, as súas características células rítmicas, o carácter e a importancia da habanera na música para a danza clásica. Este criterio avalía a capacidade do alumnado de identificar este xénero musical mediante audicións comentadas e asocíalo a determinados exercicios da clase de danza.

### 3º GRAO PROFESIONAL

- Utilizar a terminoloxía musical adecuada para comunicar aos demais xuízos persoais relacionados coas obras musicais escoitadas. Este criterio avalía a capacidade de utilizar unha linguaxe musical adecuada á hora de axuizar a música, xa que saber “falar de música” implica a asimilación dos conceptos e principios musicais básicos.
- Participar nas actividades de interpretación en grupo asumindo o intercambio dos papeis que se deriven das necesidades musicais. Este criterio avalía a mobilidade do alumnado en asumir calquera dos papeis que demanda unha situación musical. Actuar indistintamente desde calquera instrumento, desde o canto, como director, como solista, etc., supoñerá a superación dos comportamentos estereotipados que se dan con frecuencia na interpretación en grupo.
- Intervir en actividades de canto colectivo adaptando a súa expresión e entoación ao nivel sonoro do conxunto. Este criterio pretende avaliar se o alumnado ten unha intervención activa nas situacións de canto colectivo, así como a actitude coa que se achega ás actividades de canto, observando a vontade de adaptar a expresión e entoación vocal ao nivel sonoro do grupo.
- Ler música no contexto das actividades musicais do grupo como apoio ás tarefas de interpretación e audición. Este criterio avalía a utilización funcional da lectura musical. Non se trata de avaliar desde un punto de vista do solfexo, senón de observar a destreza con que o alumnado desenvólvese na lectura, unha vez creada a necesidade de apoiarse na partitura para progresaren as actividades musicais do grupo.
- Establecer algunhas pautas para a improvisación que pretendan expresar musicalmente ideas extraídas da análise doutras áreas artísticas. O fin deste criterio é comprobar se o alumnado é capaz de trasladar musicalmente as ideas expresadas noutras áreas artísticas. Isto implica a análise da estrutura que as soporta, para despois establecer os convencionalismos musicais pertinentes que permitan operar con eles.
- Coñecer e apreciar aos principais compositores de música para ballet do repertorio clásico. Neste curso traballamos a figura de Ludwig Minkus e o seu ballet “La Bayadere”. Mediante este criterio de avaliación preténdese ampliar a cultura musical dancística do alumnado a través do coñecemento da obra musical dos compositores dalgúns dos ballets máis importantes do repertorio clásico.
- Recoñecer a procedencia, as súas características células rítmicas, o carácter e a importancia da tarantella na música para a danza clásica. Este criterio avalía a capacidade do alumnado de identificar este xénero musical mediante audicións comentadas, asociado a determinados exercicios da clase de danza clásica así como valorar a súa importancia dentro do repertorio dos ballets clásicos e na materia de danza de carácter.

## 4º GRAO PROFESIONAL

- Identifica mediante audicións os principais instrumentos pertencentes á música clásica e moderna.
- Le e escribe fragmentos en clave de sol e en clave de Fa en 4ª.
- Participa na interpretación de composicións vocais e instrumentais de grupo respectando as regras e subordinando a súa actuación ao grupo e procurando unha boa interpretación.
- Aplica a linguaxe e técnica musical á análise de audicións e partituras.
- Identifica as voces e instrumentos de distintas audicións.
- Participa activamente no desenvolvemento de traballo e actividades, procurando obter os mellores resultados.
- Emprega un vocabulario adecuado para a presentación de ideas, análises e conclusións.
- Describe as características da música e a súa relación co contexto histórico empregando un rigoroso e adecuado idioma.
- Recoñece diferentes instrumentos, indicando os ámbitos nos que se utilizan con maior frecuencia.
- Reproduce nun teclado-metalófono patrones rítmico-melódicos elaborados.
- Recoñece as diferenzas entre os principais patrones rítmicos: división e subdivisión.
- Identifica a relación entre intervalos e a clasificación que resulta deles.
- Identifica as relacións e diferenzas entre os distintos tipos de acordes de tríada: maior, menor e diminuída.
- Identifica e interpreta correctamente as indicacións de tempo en diferentes fontes de información.
- Diferencia mediante audicións as principais manifestacións musicais en función de su contexto histórico, instrumentación, carácter.
- Participa na visualización de contidos audiovisuais onde se representa a interacción musical con outras disciplinas: imaxe, danza.
- Participa coa axuda das TIC en diversas actividades relacionadas coa técnica auditiva en relación á métrica musical, ao ritmo, os intervalos, e a súa relación co movemento.
- Identifica as principais formulas rítmicas e recursos musicais que poden axudar ao bailarín no transcurso dunha clase de danza.
- Improvisa unha pequena coreografía ou movemento sobre patróns rítmicos e/ou melódicos aplicando as características musicais da peza sobre o movemento.